



BOP

VENRES, 11 DE SETEMBRO DE 2020

N.º 209

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

- **PALAS DE REI.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA DA LU-P-4004 "DEVESA DE REI (N-547) - RIBEIRA- XENDE (LU-P-2901)", P.K. 0+000 A 10+045.**
- **BARREIROS.-REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0610 "ENLACE PRAIAS ALTAR-REINANTE-GLORIETA AS CATEDRAIS", P.K. 3+400-5+400.**
- **MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3202 "MONFORTE-CURRELOS (LU-611), PK 4+000 A 6+800.**
- **BÓVEDA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0907 "TEILÁN (LU-611)-LÍMITE MUNICIPAL (LU-P-4204)", P.K. 0+350 A 3+250**
- **RIOTORTO-LOURENZÁ-TRABADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5506 "AUGAXOSA (LU-P-2801)-TRABADA (LU-132)", PK 0+220 A 4+140**
- **A FONSAGRADA.- MODIFICADO Nº 1 DE ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 "FONSAGRADA (LU-530)-NAVIA DE SUARNA (LU-722)" P.K. 0+000 A 4+350.**
- **VILALBA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6510 "PANCHITA (LU-541) - OLEIROS" P.K. 0+000 A 4+551**
- **LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 "LU-232- O BURGO- PALAS DE REI (N-547)" P.K. 3+340 A 5+400**
- **XERMADE.- ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2204 "MOMÁN (LU-170) - LÍMITE PROVINCIAL A CORUÑA (AS PONTES)" P.K. 7+000 A 8+340**
- **PASTORIZA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1106 "CASTRO DE REI (LU-P-1611) - REIGOSA - CAMPO DO OSO (LU-125)", P.K. 16+900 A 20+450**
- **OUROL.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE RIEGOS CON GRAVILLA LU-P-3807 "BRAVOS (LU-P-6602)- FOXO - SAN PANTALEÓN", P.K. 0+630 A 7+950**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, P.S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO: José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2058

CONCELLOS**BARALLA***Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 10 de 2020, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2020, cun importe que ascende a cantidade de 32.183,12 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

Cap.1.- Gastos de persoal _____	916.653,28 €
Cap.2.- Gastos correntes en bens e servizos _____	869.199,01 €
Cap.3.- Gastos financeiros _____	4.700,00 €
Cap.4.- Transferencias correntes _____	107.720,00 €
Cap.5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos _____	0,00 €
Cap.6.- Inversións reais _____	760.825,76 €
Cap.7.- Transferencias de capital _____	42.460,00 €
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS _____	2.701.558,05 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 4 de setembro de 2020.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2059

BURELA

En cumprimento das previsións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 27 de xuño de 2019, que di:

“Primeiro.- Establecer que o cargo da CONCELLERÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE OBRAS E SERVIZOS; DEPORTES; COMERCIO E TURISMO poderá desempeñarse en réxime de dedicación parcial, coas seguintes características:

Dedicación parcial do 25% da xornada laboral (dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións).

Segundo.- Establecer, en atención ao grado de responsabilidade, a favor deste cargo, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, procedendo, unha vez aceptadas, no seu caso, ditas retribucións polo concelleiro/a delegado, á alta na Seguridade Social ou réxime correspondente, asumindo a Corporación as cuotas empresariais que correspondan, de acordo coas retribucións que se acorden..

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Concellería delegada das áreas de Obras e servizos; deportes; comercio e turismo.	10.000,00euros

Para as dedicacións parciais deberá terse en conta a disposición prevista no artigo 75.2 LBRL, en consonancia coa previsión do artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ao membro da Corporación que ocupe o cargo para o que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación parcial. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión.”

Burela, 25 de xaneiro de 2020.-O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2060

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL), publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 27 de xuño de 2019, que di:

“Primeiro.- Establecer que o cargo da CONCELLERÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE SERVIZOS SOCIAIS E MAR poderá desempeñarse en réxime de dedicación parcial, coas seguintes características:

Dedicación parcial do 25% da xornada laboral (dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións).

Segundo.- Establecer, en atención ao grado de responsabilidade, a favor deste cargo, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, procedendo, unha vez aceptadas, no seu caso, ditas retribucións polo concelleiro/a delegado, á alta na Seguridade Social ou réxime correspondente, asumindo a Corporación as cuotas empresariais que correspondan, de acordo coas retribucións que se acorden..

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Concellería delegada das áreas de Servizos Sociais e Mar.	10.000,00euros

Para as dedicacións parciais deberá terse en conta a disposición prevista no artigo 75.2 LBRL, en consonancia coa previsión do artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ao membro da Corporación que ocupe o cargo para o que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación parcial. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión.”

Burela, 25 de xaneiro de 2020.-O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2061

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 64 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), publícase a resolución ditada pola Aclaldía en data 16 de xaneiro de 2020, que di:

“Alfredo Llano García, Alcalde-Presidente do Concello de Burela,

En virtude do establecido no artigo 21.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 53.2, 63 e 64 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

RESOLVO

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS:

1.- A resolución sobre a aprobación ou non, dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias parcelación, edificación, demolición e demais actos de uso de solo e subsolo, incluídas as licencias de primeira ocupación das edificacións de acordo co previsto na Lei do Solo de Galicia.

3.- A resolución dos expedientes suxeitos á licenza municipal de acordo co previsto na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

4.- A aprobación urbanística de memorias, dos proxectos de obras, e demais necesarios para a execución das obras municipais, agás plans de seguridade e saúde e programas de traballo, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde e estean previstas no orzamento municipal.

5.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias ou autorizacións de ocupación do dominio público: vados e terrazas.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL E PATRIMONIAL:

- a)** As competencias atribuídas á Alcaldía pola normativa en materia contractual (DA 2ª LCSP) respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 5% e non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercizo, nin a cuantía sinalada.
- b)** Adxudicación de concesións sobre bens municipais e a adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor supere o 5% e non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a cuantía indicadas.

C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCIERA:

- 1.- Os actos de recoñecemento de obrigas e ordenación de pagos derivadas da tramitación de contratos aprobados de forma previa ao inicio da licitación delegados en virtude do disposto na letra B.1.
- 2.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas.
- 3.- Autorización de pagamentos coa modalidade de “a xustificar” de conformidade coa normativa aplicable.
- Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas.
- 4.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.
- 5.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.
- 6.- Aprobación de liquidacións definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan a súa orixe en expedientes dos que a competencia corresponda á Xunta de Goberno Local.
- 7.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias
- 8.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

- 1.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento.

F) NOUTRAS MATERIAS:

- 1.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o concello.

Segundo.- As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións delegadas no apartado anterior, serán as propias que lle correspondan ao órgano delegante sen que se produza limitación ou condición ningunha para o seu exercicio, agás das que expresamente se reserve esta Alcaldía en Decretos posteriores.

O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 e 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro. As atribucións delegadas poderán ser avocadas pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 116, e nos supostos e coas condicións e requisitos establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dando conta posteriormente á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que se celebre, das Resolucións que se dicten pola Alcaldía por avocación de competencias.

A Alcaldía poderá revogar en calquer momento as competencias delegadas

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre (pleno de organización).

Quinto.- Remitir a presente Resolución ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.

Burela, 21 de maio de 2020.- O alcalde, Alfredo Llano García, Ante min, a Secretaria Xeral aos efectos do disposto no artigo 3.2f) Real Decreto 128/2018. Mª Luz Balsa Rábade”.

As anteriores delegacións foron modificadas por Decreto de Alcaldía número 2020-0194 engadindo un punto número 8 ao apartado C) EN MATERIA ECONÓMICA FINANCIERA co seguinte teor literal:

8.- Liquidacións definitivas de taxas municipais que se refiran a entradas en beirarrúas, reserva de vía pública, colocación de valos, e ocupación de vía pública en xeral e incluso de voo público (grúas).

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 73 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 27 de xuño de 2019, que di:

“Primeiro.- A aprobación das seguintes asignacións aos grupos políticos municipais desta Corporación:

Cada un dos grupos municipais percibirá as seguintes cantidades:

Unha cantidade fixa: 1.000 euros anuais.

Unha cantidade variable: 200 euros anuais por concelleiro.

Segundo.- A aprobación das seguintes asistencias aos concelleiros da Corporación pola concorrencia ás sesións de órganos colexiados dos que formen parte:

Por asistencia a cada Pleno: 100,00 euros

Por asistencia a cada Xunta de Goberno Local: 100,00 euros

Por asistencia a cada Comisión Informativa: 30,00 euros

Por asistencia á Comisión Especial de Contas: 30,00 euros

Estas asistencias non se percibirán polos membros da Corporación que contén con dedicación exclusiva ou parcial.

Non se percibirán asistencias por reunións de voceiros nin por asistir a grupos de traballo.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia”.

Burela, 25 de xaneiro de 2020.-O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2063

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 44, 46 e 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase a Resolución dictada pola Alcaldía en data 19 de xuño de 2019, que literalmente di:

“DON ALFREDO LLANO GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA

En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 43, 46 , 47, 52 e 112 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que no Concello de Viveiro en función da súa poboación, segundo o previsto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é preceptiva a existencia da Xunta de Goberno Local.

Resultando que según establece o artigo 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, ao igual que o artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde, que a preside, e concelleiros nomeados libremente por él como membros da mesma, prevendo que o alcalde pode cesar libremente, en todo momento a calesqueira membros da Xunta de Goberno. Segundo o establecido en ditos artigos o número de concelleiros que o Alcalde pode nomear como membros da Xunta de Goberno Local non pode superar o tercio do número legal de membros da corporación.

Resultando que según prevé o artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, así como o artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Resultando que o artigo 43 do ROF, en consonancia co artigo 120 prevé a delegación de competencias e contempla a existencia de concelleiros delegados, indicándose no artigo 120 que se perde a condición de concelleiro delegado por revocación da delegación, adoptada polo Alcalde coas mesmas formalidades previstas para o seu outorgamento. Segundo o previsto no artigo 43 do ROF o Alcalde pode delegar o exercizo de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais, que, para cometidos específicos, poda realizar a favor de calquer concelleiro, aínda que non pertencen á Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo poden

efectuarse delegacións específicas en calquer concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o Concelleiro que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área. As delegacións especiais poderán ser de tres tipos: relativas a un proxecto ou asunto determinado, relativas a un determinado servizo ou relativas a un distrito ou barrio.

Resultando que según establece o artigo 46 do ROF, os nomeamento e ceses dos Tenentes de Alcalde realizarase mediante Resolución da Alcaldía da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución pola Alcaldesa, se na mesma non se dispón outra cousa.

O artigo 52 prevé que os nomeamentos e ceses dos membros da Xunta de Goberno Local serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 46, remitíndose polo tanto ó procedemento previsto para o nomeamento e cese dos Tenentes de Alcalde. Establécese no artigo 112 do ROF que en defecto de previsión expresa no Regulamento Orgánico da Entidade, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cada quince días como mínimo, correspondendo ó Alcalde fixar mediante decreto o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.

Respecto ás delegacións, o artigo 44 do ROF indica que serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía e surtirá efecto dende o día seguinte ó da data do Decreto, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

c) D. Ramiro Fernández Rey

d) D^a. María do Carme López Moreno

e) D^a. Antonia Eijo Silvos

f) D^a. Noelia María Ben Vázquez

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local, que estará presidida polo Alcalde, queda integrada polos catro concelleiros anteriormente referidos.

SEGUNDO.- Fixar a celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local o segundo e cuarto mércores de cada mes ás 9:00 horas. No suposto de que a data fixada para as sesións ordinarias sexa festivo celebrarase o primeiro día hábil seguinte. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do Alcalde-Presidente, dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel no que se designase aos membros da mesma, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

TERCEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde ós seguintes concelleiros:

1º TENENTE DE ALCALDE: D. Ramiro Fernández Rey.

2º TENENTE DE ALCALDE: D^a. María do Carme López Moreno.

CUARTO.- Outorgar ós seguintes concelleiros, que a continuación se relacionan as seguintes delegacións:

DELEGACIÓNS XENÉRICAS

- *Designase a Ramiro Fernández Rey –membro da Xunta de Goberno Local- concelleiro-delegado das seguintes Áreas:*

Área de Obras e Servizos

Área de Deportes

Área de Comercio e Turismo

E en particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes materias:

-Obras municipais.

-Servizos municipais (iluminación pública, limpeza viaria, xardíns...).

-Promoción e colaboración co deporte

-Comercio e empresa

-Turismo local

-Praias

- *Designase a María do Carme López Moreno –membro da Xunta de Goberno Local- concelleira-delegada das seguintes Áreas:*

Área de Servizos Sociais

Área de Mar

E en particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes:

- *Servizos Sociais*
- *Benestar Social*
- *Muller*
- *Mar*

- *Designase a José Díaz García concelleiro-delegado das seguintes Áreas:*

Área de Cultura e Xuventude

Área de Educación

Área de Sanidade

E en particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes:

- *Cultura*
- *Cultura popular*
- *Patrimonio histórico*
- *Ocupación e tempo libre*
- *Educación*
- *Sanidade*

A delegación xenéricas referidas conlevan, ademais da inspección, dirección, impulsión e xestión en xeral dos correspondentes servizos, a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a tramitación de un expediente no ámbito da correspondente delegación, agás a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

DELEGACIÓNS ESPECIAIS

Conferir delegacións especiais para un determinado servizo/s, nos seguintes termos:

- g)** *Designase a Noelia María Ben a delegación especial para a dirección e xestión dos servizos vinculados a Igualdade, de Inmigración e integración e Cooperación e Persoas Maiores.*
- h)** *Designase a Antonia Eijo Silvos a delegación especial para a dirección e Xestión de Escolas Infantins, Coordinación de Eventos e Festexos Populares e Festas Patronais, Medio Ambiente, Foro 21 e Gaia*

Estas delegacións especiais abranguen a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos correspondentes, non incluíndo a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros.

As delegacións conferidas no presente decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe ao alcalde como competencias indelegables, así como das delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- *Os presentes acordos surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF.*

SEXTO.- *A presente Resolución será notificada persoalmente ós concelleiros nomeados como Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, así como ós concelleiros ós que se lles outorgan delegacións.*

SÉTIMO.- *Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre (Pleno de Organización)*

Burela, 25 de xaneiro de 2020.- O alcalde, Alfredo Llano García, Ante min, a Secretaria Xeral aos efectos do disposto no artigo 3.2f) Real Decreto 128/2018. Mª Luz Balsa Rábade".

R. 2064

Anuncio

En cumprimento das previsións do previsto no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 27 de xuño de 2019, que literalmente di:

“Primeiro.- Nomear como representantes da Corporación nos órganos colexiados aos seguintes Concelleiros:

C.P. VIRXE DO CARME:

Titular: *Antonia Eijo Silvos*

suplente: *José Díaz García*

C.P. VISTA ALEGRE:

Titular: *María do Carme López Moreno*

Suplente: *Antonia Eijo Silvos*

IES MONTE CASTELO:

Titular: *José Díaz García*

Suplente: *María do Carme López Moreno*

IES O PERDOURO:

Titular: *Antonia Eijo Silvos*

Suplente: *Joé Díaz García*

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE:

Titular: *Alfredo Llano García*

Titular: *Mario Pillado Mon*

CRUZ VERMELLA:

Titular: *Antonia Eijo Silvos*

Suplente: *Noelia María Ben Vázquez*

Titular: *Ana María Álvarez Gonzalez*

Titular: *Silvino Oroza Cordido*

FUNDACIÓN EXPOMAR:

Presidente titular: *Alfredo Llano García*

Vogais titulares:

- Primeiro Tente de Alcalde: *Ramiro Fernández Rey*

- Concelleiro/a do Mar: *María do Carme López Moreno*

Vogais suplentes:

- *Antonia Eijo Silvos*

- *José Díaz García*

FUNDACIÓN “EU SON”:

Presidente: *Alfredo Llano García*

Vogais:

- Primeiro Tenente de Alcalde: *Ramiro Fernández Rey*

- Concelleiro/a: *María do Carme López Moreno*

- Traballador/a social

Suplentes:

- *José Díaz García*

- *Noelia María Ben Vázquez*

CONSELLO REITOR DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO DE AUGA AOS CONCELLOS DE CERVO- BURELA:

Vogais:

- *Alfredo Llano García*

- *Mario Pillado Mon*

COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO DE AUGA AOS CONCELLOS DE CERVO-BURELA:

Vogal:

- Alfredo Llano García

MESA LOCAL DE RELACIÓN CO COMERCIO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Presidente titular: Alfredo Llano García

Vogais titulares:

- Ramiro Fernández Rey

- María do Carme López Moreno

- Jovana Oroza Castro

- Dorotea González Fraga

CONSELLO ESCOLAR DA ESCOLA INFANTIL

Titular: Antonia Eijo Silvos

Suplente: Noelia María Ben Vázquez

CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

Titular: Alfredo Llano García

Suplente: José Díaz García

CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA:

Titular: José Díaz García

Suplente: Alfredo Llano García

CONSELLO MUNICIPAL DO DEPORTE:

Titular: Ramiro Fernández Rey

Suplente: Alfredo Llano García

GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL: Alfredo Llano García, Antonia Eijo Silvos, Manuel Rouco López e Mario Pillado Mon

GRUPO ACCIÓN COSTEIRA: Alfredo Llano García e María do Carme López Moreno

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO DO TURISMO:

Titular: Ramiro Fernández Rey

Suplente: Carmela López Moreno

Titular: Jovana Oroza Castro

Titular: Dorotea González Fraga

CONSELLO ASESOR RADIO

- José Díaz García

- Alfredo Llano García

- Javier Pardeiro Casabella

- Mario Pillado Mon

FORO 21:

- Alfredo Llano García

- Noelia María Ben Vázquez

- María do Carme López Moreno

- Ana María Álvarez González

- Jovana Oroza Castro

- Mario Pillado Mon

- Dorotea González Fraga

COMITÉ XESTIÓN PRAIAS:

- O/A Alcalde/sa – Presidente do Concello de Burela, que exercerá como Presidente do Comité: Alfredo Llano García
- O/A Concelleiro/a de Obras e Servizos do Concello de Burela, que exercerá de Coordinador do Comité: Ramiro Fernández Rey
- O/A Concelleiro/a que exercerá de Secretario/a do Comité: Noelia María Ben Vázquez
- O/A Concelleiro/a Javier Pardeiro Casabella
- O/A Concelleiro/a Mario Pillado Mon

XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE: Alfredo Llano García e Ramiro Fernández Rey

XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL: Alfredo Llano García e Noelia María Ben Vázquez

MESA NEGOCIACIÓN (FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL): Alfredo Llano García e Ramiro Fernández Rey

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE

Concelleira delegada especial de Cooperación e Inmigración: Antonia Eijo Silvano

Técnico/a municipal: Concepción Pernas Díaz

COMISION MIXTA - COORDINACIÓN AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA POR AGRUPACIONES DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro , polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá).

Alcalde Concello de Burela: Alfredo Llano García

Pedagoga do servizo de atención temperá do Concello de Burela: Rosa María Fraga Penas

Segundo.- Remitir certificado de secretaría co visto e praxe do Sr Alcalde do presente acordo, aos distintos órganos nos que o Concello de Burela ostente representación aos efectos oportunos.

Terceiro.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado ós concelleiros nomeados.”

Burela, 25 de xaneiro de 2020.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2065

Anuncio**DESISTIMENTO DO EXPEDIENTE 1650/2016 DE INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE BURELA.**

O Pleno da Corporación, na Sesión Ordinaria realizada o día 30 de abril de 2020, acordou desistir do procedemento de aprobación dun novo inventario municipal de bens do Concello de Burela incoado mediante acordo plenario de data 27 de xullo de 2017, con fundamento no artigo 93 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por razóns de interese xeral motivadas na procura de salvagardar a confianza lexítima dos veciños/as de Burela na elaboración dun documento da importancia dun inventario, que require do desistimento do citado procedemento e a incoación dun novo no que se teñan corrixido os defectos advertidos tanto pola veciñanza como polos servizos municipais.

O presente acordo de desistimento non impedirá a incoación de oficio dun novo expediente dirixido á aprobación dun novo inventario municipal de bens.

Burela, 3 de setembro de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2066

Anuncio**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE****APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE 1144/2019 INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE BURELA.**

O Pleno da Corporación, na Sesión Ordinaria realizada o día 30 de xullo de 2020, aprobou inicialmente o Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Burela nos termos en que foi confeccionado.

O que se somete a información pública coa fin de que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións, no prazo de vinte días hábiles computados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP, e que serán resoltas pola Corporación.

Burela, 3 de setembro de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2067

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2019, expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 4 de setembro de 2020. Durante este prazo, e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Burela, 8 de setembro de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2068

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL), publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 27 de xuño de 2019, que di:

"Primeiro.- Establecer que o cargo de Alcaldía se poderá desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo.- Establecer, en atención á súa responsabilidade, a favor do cargo da Alcaldía, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, procedendo, unha vez aceptadas, no seu caso, ditas retribucións polo Alcalde, á alta na Seguridade Social ou réxime correspondente, asumindo a Corporación as cuotas empresariais que correspondan, de acordo coas retribucións que se acorden..

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Alcalde-Presidente	45.000,00 euros

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Os membros das Corporacións Locais quedan en situación de servizos especiais cando sexan funcionarios de carreira doutras Administracións Públicas e desempeñen na Corporación para a que foron elixidos un cargo retribuído e de dedicación exclusiva.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ao membro da Corporación que ocupe o cargo para o que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación exclusiva. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión."

Burela, 25 de xaneiro de 2020.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2069

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL), publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 27 de xuño de 2019, que di:

“Primeiro.- Establecer que o cargo da CONCELLERÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE CULTURA E XUVENTUDE; EDUCACIÓN E SANIDADE poderá desempeñarse en réxime de dedicación parcial, coas seguintes características:

Dedicación parcial do 20% da xornada laboral (dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións).

Segundo.- Establecer, en atención ao grado de responsabilidade, a favor deste cargo, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, procedendo, unha vez aceptadas, no seu caso, ditas retribucións polo concelleiro/a delegado, á alta na Seguridade Social ou réxime correspondente, asumindo a Corporación as cuotas empresariais que correspondan, de acordo coas retribucións que se acorden..

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Concellería delegada das áreas de Cultura e Xuventude; Educación e Sanidade.	7.900,00euros

Para as dedicacións parciais deberá terse en conta a disposición prevista no artigo 75.2 LBRL, en consonancia coa previsión do artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ao membro da Corporación que ocupe o cargo para o que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación parcial. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión.”

Burela, 25 de xaneiro de 2020.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2070

MONTERROSO

Anuncio

“Decreto 7 de setembro de 2020

D^a Rocío Seijas Vázquez, Alcaldesa do Concello de Monterroso á vista dos seguintes antecedentes:

Visto o expediente de matrimonio civil presentado neste Concello con data 07/09/20 RC2001, entre D. Celestino García Figueiras e D^a Marta Núñez Gil para a celebración da voda civil o 13/09/2020.

Resolvo:

Primeiro.- Delegar no concelleiro D. Rafael García Figueiras a celebración do dito enlace.

Segundo.- Notificar ao interesado xunto cos recursos oportunos.”

Monterroso, 8 de setembro de 2020.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2071